

Saúda Xunta Directiva

En nome e representación da ASOCIACION DE VITICULTORES SAN MARTIN DE BUEU, que nestes intres teño a honra de presidir, quero dar a tod@s a benvida a XIII edición da FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA DE CELA.

Trás un parentesis de 7 anos, un grupo de entusiastas viticultor@s, alá polo outono de 2015, decidimos dar un paso o frente e retomar esta festa, que tantos días de ledicia ten dado a esta parroquia de Cela, parroquia que si por algo destacou neste noso Concello, foi polo gran número de festas que o longo do ano tiñan lugar, comenzando polo Corpus, seguindo coa Patrona, San Roque, O Carmen, Os Mozos, A Barraca, San Lourenzo e a Do Monte. Todas elas por distintos motivos, pero sobre todo debido o seu elevado coste e que cada vez as dificultades son maiores, fóreron desaparecendo. Queremos que este ano marque un punto de inflexión, non soio desta do Tinta Femia, senón tamén de alguma outra, complicado pero non imposible.

Quisera en primer lugar agradecerlle a os COSECHEIROS, a súa colaboración e participación, eles son, evidentemente os ARTISTAS PRINCIPALES, da película, pode haber unha boa música unha boa paisaxe, un bo decorado, pero si non ai artistas, nada, aquí, si non ai cosecheiros non ai viño, non ai festa.

Agradecer a todos os COLABORADORES que mediante os seus anuncios permiten a confección do libro da festa co seu programa e artigos sobre a festa. Tamén a una serie de colaboradores, que a través de donativos anónimos aportan o seu gran de area. Entre uns e outros axúdannos a confeccionar un orzamento cada vez máis elevado.

Non me quero esquencer dos ORGANISMOS OFICIAIS, Concello de Bueu, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia, que tamén arrimaron o hombro y estiveron ahí nos momentos de inseguridade.

Por todo elo, queremos que disfruten nestes días de festa, de boa compañía, bos recordos, boa coversa, maravilloosas vistas, e sobre todo BOA FECHA e a comida que non falte.